

PREGUNTA DE AER SOBRE EMPREGO PALCO HOMOLOGADO (Rex. Entrada 27.03.2017, 2017-ERC-4.260).

PLENO 02 MARZO DE 2017. ACTA 03/2017

“Ben coñecido é o grandísimo potencial musical e artístico que posúe o noso concello e a comarca, con numerosas iniciativas autopromovidas e autosextinadas de carácter cultural, e en concreto, de carácter musical e das artes escénicas. O nome de Redondela é recoñecido polo nivel e calidade de diversos festivais organizados por colectivos, asociacións e centros culturais da vila e parroquias que lograron nos últimos 20 anos diferenciar a Redondela como un motor cultural relevante na provincia de Pontevedra.

Tendo en conta que o Concello de Redondela é a administración pública que entre as súas funcións recae a promoción e difusión cultural en tódolos eidos e disciplinas e en todo o territorio do concello, así como apoiar ás iniciativas sen ánimo de lucro que nacen directamente da súa veciñanza. Que tamén debería axudar directamente coa loxística que poida proporcionar en función dos seus recursos, a entidades, asociacións e centros socioculturais do concello de Redondela que programan eventos e festivais; sobre todo naqueles casos nos que a súa actividade desinteresada suple nichos de programación cultural que o Concello de Redondela non dá cuberto, por exemplo en parroquias.

Tendo e conta o anterior e tendo constancia que o Concello de Redondela vai proceder a adquirir un palco homologado de cara a mellorar a dotación propia en infraestrutura, realizamos a seguinte pregunta:

- O novo escenario homologado que adquirirá o Concello de Redondela poderá ser empregado baixo petición por aquelas entidades sen ánimo de lucro que organizan festivais e eventos culturais en Redondela, e o precisen?”

A concelleira PARIS BLANCO di que cando sexa adquirida vai a ser para os actos programados polo Concello